



Coloring-Page.net

É tempo  
de  
Samain

## O SAMAÍN

Samaín, palabra gaélica, non significa máis que o fin do verán, principio do inverno. Na antiga cultura céltica o tempo de Samaín, especialmente a noite do 31 de outubro ao 1 e novembro, era o período máis importante do ano. Eran datas claves para se reunir nos camposantos, comer o ritual e communal porco de samaín e concelebrar as farradas festeiras dos guerreiros. Era a noite máis perigosa do ano. As portas do outro mundo abriábanse nesas horas, e as ánimas, eran quen de vir visitar este mundo e aos seus moradores, tantas veces, para render contas inacabadas.

Para afastar dos seus castros as perigosas ánimas defuntas e errantes, adoitaban poñer no alto das muradas, ou encastradas nas paredes, as caveiras iluminadas dos inimigos mortos en campaña. De aquí, dos ritos e crenzas célticas ao redor da caveira, vén a tradición europea de facer caveiras na cortiza dos melóns, ou cabazos, ou calabazotes. Tradición que, grazas ás investigacións do profesor galego López Loureiro, sabemos que se estende por toda a antiga xeografía céltica europea e concretamente para o caso de España, por todas as zonas con presenza do elemento céltico ben documentado. En Galiza atopámola en toda a súa xeografía, non faltando esta tradición en ningunha das súas bisbarras e aportando un folclore similar áinda que dándolle nomes diferentes: *calacús* polas Rías Baixas, *caveiras de melón* en Cedeira, *calabazotes* en Ortigueira, *colondros* en Ourense...etc.

1. Con axuda do diccionario atopa o significado das seguintes palabras:

Caveira: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Farrada: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Camposanto: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Afastar: \_\_\_\_\_

---

---

Encastrado: \_\_\_\_\_

---

---

## 2. COMPRENDO O TEXTO

a) ¿Que significado ten a palabra SAMAÍN?

---

---

---

---

b) ¿Por que era a noite máis perigosa do ano?

---

---

---

---

---

---

---

---

c) ¿Que adornos se poñían para afastar as ánimas dos defuntos?

---

---

---

---

---

---

---

---

d) ¿Con que nomes se coñece a caveira en Galicia?

---

---

3. Órdea alfabeticamente as seguintes palabras

Follas- vento- noces- caveira- mortos- lenda - defuntos - inferno- cabaza.

---


---

4. Separa as sílabas das seguintes palabras, e logo clasificaas segundo o número de sílabas.

|          |           |            |
|----------|-----------|------------|
| Outono   | Celtas    | Castelo    |
| Século   | Tradición | Esqueleto  |
| Caveira  | Lanterna  | Espantallo |
| Recolher | Bruxa     | Mortos     |



bisílabas



trisílabas



polisílabas

5. Un camión transporta 568 cabazas, cando chega ó almacén atopa que 169 cabazas están estragadas. Moi indignado chama por teléfono ó Castelo de onde as trouxo.

Resolve:

¿Que diálogo manterían o transportista e o dono do Castelo?. A que acordo poderían chegar.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

¿Cantas caveiras lle quedan no castelo?


¿Cantas cabazas en bo estado poderá vender o transportista ó almacén?

Se o do almacén quere mercar todas as cabazas en bo estado a 2 euros cada unha. ¿Canto lle terá que pagar?.

E....despois de todo isto como crees que remataría o transportista:\_\_\_\_\_

6. Completa o seguinte sudoku.

Enche cada casa baleara, cada liña e cada columna con cabazas, de maneira que non se repita ningunha nunha mesma fila, liña ou columna. Ademais en cada recadro rodeado por unha grosa liña negra só debe aparecer unha vez cada cabaza.



7. Forma pareados:

---



Atopa as 10 diferenzas e colorea.

